

WOMEN, LIFE, FREEDOM



Mahsa Amini (en persa: مهسا امینی), nada en 2000 en Saqqez, e finada o 16 de setembro de 2022 en Teherán, tamén coñecida como Jina Amini, foi unha moza iraniana que foi arrestada e torturada pola Patrulla de Orientación do goberno iraniano, unha brigada de policía especial en cargo de implementación pública dos regulamentos do hijab en Irán. Foi arrestada para unha "orientación islámica" pola policía do goberno de Irán. Despois de dúas horas de golpes na cabeza e de ser aterrorizada polo comportamento da Policía Moral de Irán, sufriu tanto un ataque cerebral como un ataque cardíaco e entrou en coma. É unha de tantas vítimas de agresión e de violencia contra as mulleres que se producen no mundo.

Fonte: Wikipedia

COPA DO MUNDO DE FÚTBOL EN QATAR



As mulleres seguen sufrindo discriminación na lei e na práctica en Qatar. En virtude do sistema de tutela, as mulleres necesitan o permiso do seu titor home — polo xeral, o seu esposo, pai, irmán, avó ou tío— para contraer matrimonio, estudar no estranxeiro con bolsas do goberno, exercer moitos empregos públicos, viaxar a outros países (se teñen menos de 25 anos), e acceder á atención da saúde reprodutiva.

O dereito de familia discrimina as mulleres, que teñen máis dificultades para acceder ao divorcio e desvantaxes económicas máis graves se o fan, en comparación cos homes; ademais, en caso de divorcio, a tutela dos fillos e fillas concédese xeralmente aos pais. As mulleres tamén seguen sen ter protección adecuada contra a violencia de xénero e a violencia sexual.

Fonte: Aministía Internacional